



RESOLUCION DO CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES

Vistos os Orzamentos Xerais do Concello para o exercicio de 2023 nos cales se contemplaba na Base 33 , subvencións nominativas, ao Clube Deportivo Río Ouro : Gastos tempada : 3.500 euros.

Visto o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Alfoz anualidades 2020-2023, que contempla na liña de actuación n.º 1: Líña 1: Fomento da promoción do deporte, a cultura , a xuventude e o fomento turístico de Alfoz nos seus distintos ámbitos.

En data 19 de setembro de 2023 (RE 711) pola Asociación deportiva Río Ouro solicitouse subvención nominativa; tramitado expediente, recae Decreto 761/2023 de 17 de outubro, no que se efectuaba requerimento de documentación e aclaración á Memoria, en tanto, e de forma resumida , de estar presentando gastos para a tempada 2022/2023, se entende que NON CORRESPONDE na medida en que xa teñen percibido no ano 2022 subvención para costes vinculados coa mesma , ademais de haber incongruencia na declaración de ingresos polos demais cofinanciadores .

En data 31 de outubro de 2023 pola Asociación Deportiva Río Ouro se presenta nova instancia, RE 850, acompañada de documentación, indicándose de forma expresa que : *Renunciando a anterior tramitación de solicitude de subvención por ser errónea, presentamos nova solicitude. Teñan por presentada en tempo e forma, e unha vez aprobada solicitamos o anticipo do 100% da cantidade a maior brevedade posible.*

Con data 15 de novembro de 2023 , emitíuse informe de Secretaría en relación co procedemento e a lexislación aplicable para a concesión directa de subvencións, así como se indicaba que a documentación aportada para a solicitude da subvención era suficiente, si ben adolecía das seguintes INCIDENCIAS que deben ser correxidas en fase de xustificación :

1º. Carteis da actuación: **INCIDENCIA.** Se aportan carteis publicitarios de eventos deportivos relacionados coa tempada deportiva anterior.

Na medida en que se está a solicitar subvención para actuación pendente de completar, DEBE DE CORREXIRSE ESTE EXTREMO en fase de xustificación.

A tal fin se recorda que como documentación xustificativa da publicidade da colaboración municipal se poden presentar: Exemplares de carteis e trípticos , notas de prensa, insercións de anuncios en redes sociais, etc... onde conste o patrocinio do concello .

2º. Da relación de gastos e ingresos previstos da tempada 2023/2024, se extrae que únicamente a actuación a subvencionar polo concello de Alfoz é a de equipacións de adestramento e competición 2023/2024, acorde e coherente co título da memoria presentada; se aprecia o seguinte ERRO : O sumatorio dos gastos indicados ascende a 14.900 euros e non 14.400. A diferenza entre gastos e ingresos ascende a 4.000 euros.

O coste total da actuación, segundo a solicitude , ascende a 4.550,00 euros. *Este gasto contamos cubrilo coa subvención do Concello de Alfoz de 3.500,00 euros e o resto con fondos propios por importe de 1.050,00 euros . Deberá ter en conta esta INCIDENCIA o*





interesado na fase de xustificación.

Á vista do expediente tramitado, da Ordenanza Municipal de concesión de subvencións do Concello de Alfoz, por este concelleiro delegado de Deportes , en exercicio das competencias delegadas (Decreto 453/2023, de 29 de xuño) ,
RESOLVIN :

PRIMEIRO. Outorgar á Asociación deportiva Río Ouro (CIF G-2751195) , con cargo á aplicación 341.480 do orzamento de gastos da Corporación, a seguinte subvención nominativa pola actividade: “EQUIPACIONES ADESTRAMENTO E COMPETICION TEMPADA 23/24 “ , por importe de 3.500 euros. (tres mil cincocentos euros).

SEGUNDO. Proceder á autorización e disposición do gasto, en concepto de anticipo a conta conforme solicitude, do pago por un importe de 3.500 euros , con cargo á aplicación orzamentaria 341.480, da que existe documento de Retención de Crédito RC 2770 expedido por Intervención.

TERCEIRO. Notificar aos interesados o outorgamento da concesión da subvención.

CUARTO. Publicar a concesión na Base de Datos Nacional de Subvencións, conforme o artigo 20.8.b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

QUINTO.- Aprobar as bases reguladoras da presente subvención :

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN

En data 31 d eoutubro de 2023 , n.º RE 850 , recibíuse instancia de solicitude de subvención asinada por Don Manuel Novo Pérez , provisto de DNI ***3155**, actuando como Presidente en representación da Asociación Deportiva Río Ouro , inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións de Alfoz co número 16, e provista de CIF G-2751195 . A citada solicitude recollía expresamente a renuncia á anterior solicitude de subvención (Re 711, de 19/09/23) por errónea.

No citado escrito se indica que para o proxecto: “EQUIPACIONES ADESTRAMENTO E COMPETICION TEMPADA 23/24 “ e solicita a concesión de subvención por importe de 3.500 euros, con anticipo de 3.500 euros,
Esta actividade obxecto da subvención é realizada por estas entidades:

Nome da entidade	Obxecto social
ASOCIACION DEPORTIVA RIO OURO	Fomento e práctica de actividade física e deportiva





Expediente 226/2018 Rexistro Municipal
de Asociacións n.º inscrición 16

Á súa vez, segundo consta na documentación aportada xunto coa solicitude, queda acreditado que as referidas entidades áchanse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e non está incurso nas prohibicións para obter dita condición, previstas nas bases reguladoras da subvención, así como nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Visto que, dentro do Plan Estratéxico de Subvencións 2020/2023 deste Concello, está prevista a liña :

5.1. SUBVENCIONS EN MATERIA DE FOMENTO DO DEPORTE, CULTURA, A XUVENTUDE E O FOMENTO TURISTICO .

a)Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello, con fins de carácter cultural, deportivo, xuvenil y turístico.

b)Obxectivos específicos:

- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos seus diversos ámbitos de cultura, deporte o calqueira outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía.
- Colaborar co movemento asociativo de organización de eventos festivos, tradicionais ou innovadores, que fomenten o turismo nos seus distintos ámbitos.
- Fomentar a participación dos xóvenes e das súas entidades sociais na dinámica sociocultural do municipio.
- Apoiar o mantemento e funcionamento de asociacións previstas nas bases de execución dos orzamentos municipais.
- Fomentar la promoción del deporte federado das entidades deportivas .

c)Prazo de execución: Anual

d)Costes previsibles:

Os costes previstos para o periodo 2020-2023 serán ata o máximo da disponibilidad das consignacións orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercicio.

e)Fontes de financiación:

O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

f)Procedimiento de concesión:

O procedemento de concesión se realizará en xeral por concurrencia competitiva, e de forma directa para as entidades que figuren nominativamente no orzamento e para as axudas directas extraordinarias por razóns de interés público, social, económico ou humanitario.

g)Plan de actuación:





O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, realizaráse mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria , e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan suscribirse ou dictarse para regular o otorgamento de subvencions nominativas.

Á vista do orzamento xeral deste Concello para o exercicio 2023 , en concreto as Bases de Execución do orzamento que recolle na Base 33, subvencións nominativas a que segue: Asociación Deportiva Rio Ouro ,gastos tempada (3.500 euros) , polo que se efectuou consignación na aplicación orzamentaria 341.480.

Así pois, e de conformidade co disposto no artigo 27 do Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, en concordancia co artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e conforme ao establecido no artigo 21.1. f) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Que o obxecto da subvención é “EQUIPACIONES ADESTRAMENTO E COMPETICION TEMPADA 23/24 “ da ASOCIACION DEPORTIVA RIO OURO a realizar no periodo 1 de setembro de 2023 a 30 de xuño de 2024.

SEGUNDO. Que o beneficiario da subvención é a entidade **ASOCIACION DEPORTIVA RIO OURO**, provisto de CIF G-2751195 , inscrito no Rexistro Municipal de Asociacións co n.º 16, correspondéndolle una contía individualizada máxima de 3.500 euros, de acordo coa asignación orzamentaria 341.480 e a previsión da base 33 das de execución do orzamento.

TERCEIRO. Que o crédito orzamentario ao que se imputa o gasto é 3.500,00 euros, e contía da subvención é 3.500 , polo que non se está excedendo o crédito consignado nin o establecido en termos de máximo nas Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2023.

CUARTO .- A presente subvención resulta compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

QUINTO . O importe da subvención abonarase con cargo aos créditos que figuran no orzamento de gastos, aplicación orzamentaria 341.480, destinados a tales fins e o pago realizarase a favor da entidade beneficiaria con cargo ao exercicio 2023 e no 2024 (logo da incorporación de crédito), e previa verificación do cumprimento dos requisitos esixidos para o pago de subvencións na normativa vixente pola conta xustificativa a presentar.





En calquera caso, previo pago da subvención a entidade beneficiaria terá que acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigación tributarias e fronte á Seguridade Social.

SEXTO.- ANTES DO DIA 01 DE AGOSTO DE 2024, coa solicitude de pagamento da subvención finalizado o proxecto, deberá de presentarse polo interesado conta xustificativa asinada por quen ostenta a representación legal do beneficiario, formada por :

a) Memoria explicativa e detallada da realización da totalidade do proxecto ou actividade, obxectivo ou adopción do comportamento, con expresa mención dos resultados obtidos e coas indicacións, contidos e documentos que se determinen nos acordos reguladores da convocatoria ou na concesión da subvención.

b) Facturas, e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.D. 1496/2003, do 28 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda, que se presentarán en documento orixinal, ou fotocopia dilixenciada. Non se admitirán tickets ou facturas simplificadas non nominativas.

As facturas estarán datadas no exercicio económico para o que se concedeu a subvención e deberán conter o número de identificación fiscal do perceptor, selos e sinaturas dos subministradores, ademais de unha relación unitaria dos traballos realizados ou bens subministrados con importe unitario e o IVE desagregado.

c) Documentación acreditativa dos pagamentos das facturas presentadas, que deberá efectuarse por transferencia bancaria cando o seu importe exceda dos cincocentos euros. No suposto de importe inferior, na factura deberá conterse a lenda de “pagado” asinado e selado polo emisor da mesma. Ademais, no caso de ter a obriga de levar libros de contabilidade presentarase certificado do órgano competente da persoa xurídica sobre a anotación do referido gasto.

d) Declaración xurada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para a mesma finalidade, acompañada, no seu caso, de copia compulsada da resolución de concesión de subvención .

e) Declaración xurada de que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento se efectuou nos termos establecidos na memoria presentada.

f) Documentación xustificativa da publicidade da colaboración municipal. Exemplos de carteis e trípticos , notas de prensa, insercións de anuncios en redes sociais, etc... onde conste o patrocinio do concello ou, no seu defecto, declaración ou constancia de haberse feito

SEXTO . Que o beneficiario xustifica o cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos nesta resolución de conformidade co artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

A tal fin, os compromisos asumidos polas partes na presente concesión de subvención son:

6.1. Compromisos adoptados polo beneficiario.





- 1) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- 2) Ter xustificadas as subvencións concedidas por este Concello en convocatorias ou expedientes anteriores, relativos a calquera clase ou tipo de área de actuación.
- 3) Asumir as responsabilidades que a organización do proxecto ou actividade comporte, e subscribir as oportunas pólizas de seguro que garantan a dita responsabilidade.
- 4) Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, de ser o caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade ou finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.
- 5) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente ou a entidade colaboradora, se é o caso, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais, como comunitarios, autonómicos ou municipais, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- 6) Comunicarlle ó órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Esta comunicación efectuarase tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.

- 7) Acreditar, con anterioridade a se ditar a proposta de resolución da concesión, que se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, mediante a presentación dos correspondentes certificados emitidos polas administracións públicas nacionais e autonómicas competentes.
- 8) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ó beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases e acordos reguladores das subvencións coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- 9) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto de control e comprobación.
- 10) Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- 11) Facer constar expresamente na publicidade, difusión e publicacións, que o programa, actividades, investimentos ou actuacións obxecto de subvención contan coa colaboración económica do Concello de Alfoz. Para isto utilizarán o logotipo aprobado polo Concello de Alfoz e, así mesmo, nas bases e acordos reguladores da subvención farase constar a forma e instrumentos a través dos que se dará publicidade e difusión á colaboración económica do Concello.
- 12) Aceptala subvención concedida, que se entenderá aceptada se os beneficiarios





non se opoñen ou as rechazan, expresamente , no prazo de dez dias hábiles contados dende a notificación da súa concesión.

6.2. Compromisos adoptados pola entidade concedente:

A xestión das subvencións realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade, igualdade e non-discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados polo Concello de Alfoz.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.
- d) O pagamento dentro do prazo legalmente establecido da subvención concedida.

Prevése un pagamento anticipado por importe de 3.500,00 euros, conforme solicitude do interesado.

O citado importe é considerado un anticipo a conta da cantidade que será aprobada logo da presentación da conta xustificativa; no caso de non terse acreditado a totalidade do gasto anticipado , será esixido o reintegro do mesmo, así como a liquidación dos intereses de demora.

- e) Cumprimento das obrigas de publicidade establecidas na lexislación vixente, especialmente na Base Nacional de Subvencions.

SEPTIMO .- Non se prevé prórroga.

OCTAVO.- O réxime xurídico aplicable será o establecido neste Convenio, na Ordenanza Xeral de subvencións de Alfoz , na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e na súa normativa de desenvolvemento.

En Alfoz, na data da sinatura electrónica

O Concelleiro delegado de Educación, Igualdade e Participación (Deporte).

Asdo. Eliseo Lorenzo García.

